

A D.O. Ribeira Sacra patrocina o proxecto audiovisual Ribeira Sacra-Actual

No 2018 a **D.O. Ribeira Sacra** colabora co **proxecto audiovisual de *Queiman e Pousa***; un **vídeo musical** para promocionar a **Ribeira Sacra como candidata a Patrimonio Mundial da Humanidade**. Aquel primeiro proxecto amosa unha Galicia emigrante dos anos 60 cando non se percibía a riqueza cultural e rural do interior de Galicia.

Nesta ocasión e coincidindo coa **vendima**, *Queiman e Pousa*, co patrocinio da D.O. queren amosar a segunda parte, unha Galicia moderna e sostible, recoñecendo a labor dos adegueiros e viticultores da D.O. Ribeira Sacra que traballan na viticultura heroica.

Ademais do videoclip promocional farase un vídeo documental sobre o renacemento da Ribeira Sacra coa creación do C.R.D.O.R.S. e entrevistas aos protagonistas.

A rodaxe desta segunda entrega, **Ribeira Sacra Actual**, ten como datas estimadas entre o pasado 14 de setembro e o 22 de setembro. Agárdase facer o lanzamento do traballo no **Mosteiro de Montederramo** entre finais de outubro e comezos de novembro.

Os vídeos desta segunda entrega buscan o memo obxectivo de difundir a Ribeira Sacra como candidata a Patrimonio da Humanidade e exaltar a riqueza do interior rural galego.